


ANEXO 6

ESTUDIO DE PATRIMONIO CULTURAL



**TRABALLOS SOBRE O ESTUDO DO PATRIMONIO
CULTURAL EN RELACIÓN COA REDACCIÓN DO PLAN
PARCIAL DO SECTOR SUD6-ALSINA LAMASTELLE
(SAN PEDRO DE NÓS; OLEIROS - A CORUÑA)**



ÍNDICE.

0. FICHA TÉCNICA.....	2
1. CONTEXTO.....	3
1.1. <i>Introdución.</i>	
1.2. <i>Características do estudo.</i>	
1.2.1. <i>O traballo de documentación.</i>	
1.2.2. <i>As fichas de rexistro.</i>	
1.3. <i>Contexto xeográfico xeral.</i>	
1.4. <i>Contexto histórico-arqueolóxico.</i>	
2. CATÁLOGO DE ELEMENTOS HISTÓRICO-ARTÍSTICOS.....	9
2.1. <i>Fichas.</i>	
2.2. <i>Lexislación e normativas.</i>	
2.3. <i>Protección.</i>	
3. BIBLIOGRAFÍA.....	15

0. FICHA TÉCNICA.

0.1. TÍTULO.

Traballos sobre o estudo do Patrimonio Cultural en relación coa redacción do Plan Parcial do Sector SUD6-ALSINA LAMASTELLE (San Pedro de Nós; Oleiros - A Coruña).

0.2. NÚMERO DE EXPEDIENTE.

2016/984.

0.3. ENTIDADE PROMOTORA.

La Fortaleza, Las Mariñas S.L.

ENTIDADE CONTRATISTA.

TOMOS CONSERVACIÓN-RESTAURACIÓN S.L.
Rúa Brasil, 37-baixo (36204-Vigo).
Tf.-Fax: (986) 471810.

0.4. DIRECCIÓN E REDACCIÓN.

Santiago VÁZQUEZ COLLAZO.

0.5. LOCALIZACIÓN.

Lugar: Finca Alsina.
Parroquia: San Pedro de Nós.
Concello: Oleiros.
Provincia: A Coruña.

0.6. EQUIPO TÉCNICO.

Traballo de campo: Santiago Vázquez Collazo e Joaquín Ferrer Cruz.
Preparación da cartografía final: Joaquín Ferrer Cruz.
Rexistro fotográfico: Santiago Vázquez Collazo.

A Coruña, 14 de novembro de 2016



Asdo.: Santiago VÁZQUEZ COLLAZO

1. CONTEXTO.

1.1. INTRODUCCIÓN.

A redacción do presente informe xorde en relación ao documento titulado “Observacións e suxestións da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en relación co trámite de consultas no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan Parcial do Sector SUD6 – Alsina Lamastelle, Concello de Oleiros” (elaborado pola *Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia* e asinado en Santiago de Compostela pola súa Directora Xeral M^a Carmen Martínez Ínsua con data de 10 de xuño de 2016). Á súa vez, ese informe de observacións contesta ao trámite de *Consulta no procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada* vinculado ao escrito remitido á Dirección Xeral citada baixo o epígrafe “*Borrador e documento ambiental estratéxico do Plan Parcial do Sector SUD-6 “Alsina Lamastelle” no Concello de Oleiros*” (enviado con data de 10 de maio de 2016 polo promotor La Fortaleza As Mariñas S.L., e asinado polos arquitectos Mateo Miyar Oláiz e Gonzalo Serantes Conchado). O número de expediente deste procedemento é o **2016/984**.

O mencionado informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, organismo amparado polo establecido en materia de Patrimonio Cultural polo *punto 18 do artigo 27 do Estatuto Autonómico de Galicia*, establece unha serie consideracións con respecto a este ámbito de actuación, observacións ás que se intenta responder a través deste documento. Deste xeito faise mención, en primeiro termo, ao patrimonio arqueolóxico “*que non é obxecto de análise neste informe*” aludindo á existencia do denominado **Castro de Montrove** (ficha E09 do PXOM do Concello de Oleiros); seguidamente, no punto 3 do informe indícase que “*non se dispón da información suficiente para facer unha valoración completa do impacto da actuación sobre o patrimonio arquitectónico e etnográfico existente*”.

En consecuencia, no informe da administración competente, indícase que como paso previo á redacción do Plan Parcial SUD6 – Alsina Lamastelle deberáse levar a cabo un estudo exhaustivo e minucioso de todos os elementos patrimoniais existentes no contorno, a través da elaboración dunha **ficha** que valore cada un deses elementos desde varios puntos de vista: identificación, descrición, fotografías, estado de conservación... A partir de aquí, os resultados destes traballos de catalogación poderán condicionar a ordenación definitiva do plan parcial.

1.2. CARACTERÍSTICAS DO ESTUDO.

No presente documento, logo dunha pequena introducción xeográfica e histórica sobre o ámbito de actuación, xúntanse as diversas fichas correspondentes aos elementos de carácter arqueolóxico e histórico-artístico que consideramos entran dentro do eido relacionado co plan parcial obxecto de estudo. Deste xeito, inclúense a colindante Finca Alsina e outros cinco elementos emprazados fóra dos límites físicos do terreo delimitado (en concreto, un castro, un lavadoiro, un muíño de carbón, un muíño de auga e un hórreo). Seguidamente, farase unha mención á lexislación e normativa que atinxe ao Patrimonio Cultural e, en relación con elo, aos ámbitos de protección dos elementos deste catálogo. Con respecto a esta última consideración, podemos anticipar que desde o punto de vista patrimonial, polas súas características, emprazamento-distancia e estado de conservación, non deberían supoñer impedimento algún para o desenvolvemento do plan previsto; só a Finca Alsina e o seu muro de cerre condicionarán en certo xeito as características finais do plan.

A continuación faremos mención ás diferentes “ferramentas” empregadas (bibliografía, institucións e organismos de consulta, documentación revisada, lexislación relacionada, información na rede) para levar a cabo o estudo, así como unha explicación das características de formato e contidos das fichas de rexistro elaboradas.

1.2.1. O traballo de documentación.

Para elaborar os contidos das fichas correspondentes, a parte da presenza no campo para a recompilación de datos directos (descrición do estado actual, rexistro fotográfico e localización xeográfica), recurriuse a diversas institucións e fondos documentais. En concreto:

- Catálogo do Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- Catálogo do Servizo de Arquitectura da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- Arquivo Municipal de Oleiros.
- Biblioteca e Arquivo Municipal de Estudos Locais de A Coruña.
- Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela.
- Biblioteca da Facultade de Xeografía e Historia de Universidade de Santiago de Compostela.
- Biblioteca Dixital de Galicia – GALICIANA (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - Xunta de Galicia).

- Hemeroteca Digital de la Biblioteca Nacional de España (Ministerio de Cultura, Educación y Deporte – Gobierno de España).
- Plataforma web “SIOTUGA” (Sistema de Información de Ordenación do Territorio e Urbanismo de Galicia). Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio – Xunta de Galicia.
- Plataforma web “Información Xeográfica de Galicia” (Instituto de Estudos do Territorio – Xunta de Galicia).

Nun capítulo posterior do texto xúntase a relación de bibliografía e documentos concretos consultados para a elaboración do presente informe.

1.2.2. As fichas de rexistro.

Os contidos das fichas, loxicamente, foron elaborados tanto a partires do conxunto de datos acadados a raíz das diferentes consultas bibliográficas e documentais nas institucións antes mencionadas, como na toma de información directa en campo ¹.

As fichas posúen un formato moi simple a través de cinco apartados: identificación do elemento; descrición; estado de conservación (e, segundo o caso, proposta de intervención correctora); rexistro fotográfico; localización en plano.

No apartado de **identificación**, a parte do nome ou denominación do ben catalogado, establécese un código alfanumérico de referencia que facilita a súa localización nos planos. Este código é para a **Finca Alsina** o **B36** (clave de identificación no PXOM do Concello de Oleiros para a “finca e os seus xardíns”). Con respecto aos bens catalogados fóra da Finca Alsina, hai que indicar que o **Muíño de carbón** e o **Muíño de auga** tamén teñen o mesmo código asignado no PXOM de Oleiros: concretamente o **C01** para o primeiro e **C03** para o citado en segundo lugar; de igual xeito sucede co **Castro de Montrove** que se identifica co código do PXOM **E09** pero seguido da clave de identificación das fichas de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia, en concreto o **GA15058012**; finalmente o **Lavadoiro** e o **Hórreo**, ao seren elementos non catalogados previamente, fósilles asignada a referencia **N01** e **N02** respectivamente.

A **descrición** trata de ser o máis exhaustiva posible, facendo mención non só as características arquitectónicas e/ou artísticas do ben catalogado, senón tamén ao seu contexto histórico e social. Neste senso hai que salientar a documentación e bibliografía existentes sobre a casa principal da Finca Alsina. Hai que indicar que os datos que se aportan nesta *ficha B36* refírense unicamente ao edificio principal-pazo, aos xardíns e ao muro de cerre, ao considerar estes elementos

¹ Neste punto queremos agradecer ao caseiro da Finca Alsina, D. José Manuel Carro Sánchez, a información facilitada con respecto a varios aspectos de funcionamento da mesma así como diversos apuntes cronolóxicos dalgunhas das construcións alí existentes (sobre todo as máis recentes).

como os máis salientables de cara a definir todo o conxunto existente no interior da finca ². Por último, indicar que na ficha referida, debido á súa relevancia histórica e artística, tamén se aporta un listado bibliográfico específico.

No apartado do **estado de conservación** faise unha serie de anotacións ao estado xeral no que se atopa o ben referenciado, apuntando os problemas de conservación máis evidentes e, cando sexa posible, indícase algunha medida correctora relacionada.

As **fotografías** son, loxicamente, máis numerosas e de máis detalle naquelas fichas referidas aos elementos máis salientables desde o punto de vista histórico-artístico e patrimonial. En relación co apartado precedente, tamén se proporcionan tomas referidas a aquelas partes do elemento que teñan algún problema no seu estado de conservación.

No último apartado da ficha apórtase un **plano de localización** de cada elemento. Con respecto á planimetría manexada, indicar que a base cartográfica son os planos 1:5.000 da Xunta de Galicia; en concreto, para todos os elementos, a folia 045-15 ³. En canto ao sistema de coordenadas foi empregado o ETRS89 (*fuso 29*).

1.3. CONTEXTO XEOGRÁFICO XERAL.

O término municipal de **Oleiros** sitúase na parte noroccidental da provincia de A Coruña ⁴, conta cunha poboación de case 35.000 habitantes (2015) ocupando unha superficie de algo máis de 43 km². Este concello, encadrable na **Comarca de A Coruña**, limita polo norte e oeste co Océano Atlántico e a Ría de A Coruña, polo leste co Concello de Sada, polo sur con Cambre e Culleredo e, polo suroeste, co Concello de A Coruña (capital provincial e comarcal).

Oleiros ocupa a parte occidental da península que separa a *Ría de Betanzos* da mencionada *Ría de A Coruña*, e aínda que se pode considerar que historicamente é un municipio vencellado á *Comarca de As Mariñas*, na actualidade forma parte da denominada **área metropolitana coruñesa**.

O territorio municipal atópase dividido en nove parroquias: Santa María de Dexo, San Martiño de Dorneda, San Xurxo de Iñás, Santaia de Liáns, San Cosme de Maianca, Santa María de Oleiros, Santa Locadia de Perillo, San Pedro de Nós e San Xiao de Serantes. A capital municipal sitúase no núcleo de **Oleiros** (emprazado

² En todo caso, existe un documento relacionado co desenvolvemento do *plan parcial SUD21-Finca Alsina*, realizado por nós mesmos en paralelo a este mesmo informe, onde si se fai unha relación exhaustiva de todos eses elementos: cocheira, casa dos caseiros, lavadoiro, secadoiro, etc. **VÁZQUEZ COLLAZO, Santiago (2016): *Traballos sobre o estudo do Patrimonio Cultural en relación coa redacción do Plan Parcial do Sector SUD6-ALSINA LAMASTELLE (San Pedro de Nós; Oleiros - A Coruña)***.

³ Algunha da información cartográfica está sacada da “*Cartografía cedida por © Instituto de Estudos do Territorio - Xunta de Galicia*”.

⁴ Ver plano de situación xeográfica (*lámina 1*).

na parte suroccidental do territorio). A parroquia de **San Pedro de Nós**, cuns 4.700 habitantes (2013) e 6,11 km² de superficie, está emprazada no extremo meridional do concello (facendo límite co municipio de Cambre), entre as freguesías de Liáns (ao noroeste), Iñás (ao leste) e Oleiros (ao norleste). Nós posúe 15 núcleos de poboación, entre os que está de *A Fortaleza* lugar a onde pertence a **Finca Alsina**, situada na parte noroeste da parroquia xusto no límite coa de Santaia de Liáns.

O **relevo** que define o territorio do Concello de Oleiros amosa unha relativa uniformidade. Dende o punto de vista topográfico hai que incluílo dentro da, suavemente ondulada, chaira litoral de As Mariñas, área onde non se acadan alturas moi elevadas: tan só cabe salientar o Monte Morzán (a penas 148 m.s.n.m.), o alto de O Castelo (175 m) ou o Monte Muíño (176 m).

Dende o punto de vista **hidrográfico** hai que salientar a presenza de numerosos arroyos que discorren por vagoadas amplas e de suave pendente en lugares como Mera, Bastiagueiro ou Santa Cruz. Estes pequenos cursos fluviais (como o Río San Pedro, situado inmediatamente ao sur da Finca Alsina) rematan en abrigadas enseadas onde se teñen formado acumulacións de area que deron orixe a unha serie de magníficas praias, entre as que sobresa a punta areosa de Santa Cristina (situada entre a baía de A Coruña e a ría de O Burgo).

Un elemento esencial dentro das características xeográficas do concello de Oleiros é o seu **litoral marítimo**. Como se dicía no párrafo precedente a costa oleirense, moi recortada, está “ocupada” por numerosas praias de areas finas, pero que se intercalan con treitos de litoral rochoso con escarpados cantís moi afectados por un proceso de abrasión mariña. Entre estes últimos hai que mencionar a punta do Faro de Mera ou o Seixo Branco, co pequeno illote de A Marola situado xusto en fronte deste último sainte rochoso. Este recortado litoral de pequenas penínsulas e protexidas praias oferta magníficos emprazamentos para o asentamento humano, tal e como o atestiguan os numerosos castros e xacementos romanos que desde a Ría de Ferrol ata a cidade de A Coruña balizan a costa; sen embargo, tamén é a zona onde a presión humana e urbanística vóltese máis forte cunha densa ocupación do territorio, afectando negativamente á conservación do potencial arqueolóxico desta parte do Golfo Ártabro.

1.4. CONTEXTO HISTÓRICO-ARQUEOLÓXICO.

Desde o punto de vista histórico hai que indicar que a ocupación humana do territorio do actual Concello de Oleiros atestíguase alomenos dende a denominada *Idade do Ferro*, tal e como se documenta no inventario de xacementos arqueolóxicos do **Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia**, no que hai catalogados un total de 10 xacementos castrexos. Destes, só o denominado *Castro de Iñás-GA15058013* está emprazado dentro do termo parroquial de San Pedro de Nós, se ben o máis próximo á Finca Alsina é o *Castro de Montrove-GA15058012*, aínda que bastante lonxe da mesma (a uns 700 metros lineais ao oeste). Pero isto non quere dicir que durante épocas

anteriores (*Prehistoria*) as terras oleirenses non tiveran ningún tipo de actividade humana, senón que, ata o momento, non se ten constancia desa ocupación a través de restos arqueolóxicos concretos (aínda que si existen topónimos como *Medoña* e *Medorras*, que son dúas das denominacións populares que en Galicia se lles dá aos túmulos funerarios de época Neolítica).

Con respecto a momentos inmediatamente posteriores, si están rexistrados restos (cerámica, muros, etc.) dun xacemento de tipoloxía indeterminada pero claramente adscribible a *época romana* (*Xacemento Romano da praia de Portelo-Canide - GA15058016*).

Da *Idade Media* quedan poucas evidencias: salientar unha *necrópole* (*GA15058008*) relacionada coa igrexa románica de Santa María de Dexo (templo, en principio, fundado no século XII). Durante ese momento histórico Oleiros formou parte do denominado señorío de As Mariñas dos Frades, que dependía do Mosteiro de Cambre e, máis tarde, da xurisdición de Miraflores, baixo o dominio da Casa de As Mariñas e os Condes de Lemos..

Finalmente, durante a *Idade Moderna* (séculos XVI-XVII), é cando se constrúe o *Castelo da Illa de Santa Cruz* e unha *batería defensiva en Mera* (*GA15058017*). Esta última formaba parte dun sistema de defensas establecido para protexer a baía de A Coruña de posibles invasións por mar. En realidade, na Idade Moderna e na Contemporánea a historia local oleirense pódese asociar a algúns dos diferentes acontecementos históricos da cidade de A Coruña. O Concello de Oleiros foi constituído, cos mesmo límites territoriais que na actualidade, no ano 1836.

2. CATÁLOGO DE ELEMENTOS HISTÓRICO-ARTÍSTICOS.

2.1. FICHAS.

Código de identificación: B36

Nome: Finca Alsina

Tipoloxía: Arquitectura Civil

Cronoloxía: 1873-1875

Provincia: A Coruña

Concello: Oleiros

Parroquia: San Predro de Nós

Lugar: A Fortaleza-Boa Vista

Coordenadas: X: 553.181 Y: 4.796.967 *

Cartografía (1:5.000 Xunta de Galicia): Folla 045-15

** As coordenadas corresponden, a xeito de referencia, ao edificio principal-pazo da finca. Sistema de coordenadas: ETRS89 (fuso 29). Algunha información está sacada da "Cartografía cedida por © Instituto de Estudos do Territorio - Xunta de Galicia".*

Descrición.

Contexto histórico xeral. Durante todo o século XIX, pero en especial na segunda metade da centuria, os fundamentos económicos e sociais que sostiveran a estrutura do denominado *mundo pacego* véñense abaixo, sobre todo coa redención dos foros e a paulatina perda de poder xurisdiccional dos fidalgos e a nobreza rural galega, iniciándose un evidente período de decadencia que supón, en moitos casos, o abandono por parte destes, os seus propietarios, das arquitecturas que definen este "mundo": os pazos.

En paralelo a este feito, vaise desenvolvendo en Galicia, sobre todo no ámbito urbano, unha burguesía vencellada ao comercio e ao nacemento de pequenas empresas (textiles, transformación de produtos do mar, etc.). Esta burguesía manifestou un crecente interese por facer investimentos no medio rural, ás veces adquirindo algúns deses pazos abandonados (mesmo o título nobiliario que levaban "asociado") e outras mercando fincas para construír nelas grandes casas de campo (quintas) para os seus períodos de descanso e que, ao mesmo tempo, supuxeran un rasgo distintivo do seu nivel económico e social. Se ben por costume foron denominados pazos, a tipoloxía arquitectónica que define moitas destas novas residencias non se corresponde con ese modelo de estruturas, aínda que en moitos

casos intenta manter a mesma idea paxega de combinar a vertente habitacional e de recreo con outras actividades claramente relacionadas co mundo rural (tarefas agrícolas de diversa natureza: cría de gado, plantacións de frutais, horta, etc.), o que tamén implica que o ámbito privado e familiar quede separado fisicamente do asignado aos traballadores do lugar (construcións anexas á vivenda principal).

Á marxe doutras perculiaridades constructivas, a arquitectura destas novas edificacións rurais incorporou, grazas a que os proxectos foron deseñados por arquitectos que estaban a desenvolver o seu labor dentro do espazo urbano, certas características dese mesmo ámbito cidadán tales como unha configuración baseada nun único volume, as tipoloxías de portas e ventás e a presenza de molduras en xambas e linteis tan habituais nas construcións das cidades (sobre todo a partires da Ilustración). No caso da cidade de A Coruña e a súa área de influencia, hai que salientar tamén a inclusión de amplas galerías, en especial nas fachadas traseiras e/ou laterais dos edificios. Dentro da liberdade estilística característica do eclecticismo imperante no século XIX, e sobre todo a partires dos anos setenta da centuria, o estilo arquitectónico que foi máis seguido pola alta burguesía da época para este novo tipo de residencias foi o denominado *Estilo Segundo Imperio Francés* (ou *Estilo Napoleón III*), caracterizado pola súa suntosidade, gusto pola ornamentación e barroquismo.

Contexto histórico puntual. O edificio foi encargado polo político, banqueiro e home de negocios de A Coruña Enrique Fernández Alsina, Marqués de Loureda (1837-1915) ao arquitecto, tamén coruñés, Faustino Domínguez Coumes-Gay (1845-1900).

Co deseño desta gran casa da Finca Alsina, Coumes-Gay, que pode considerarse como un dos arquitectos máis destacados do eclecticismo en Galicia (son proxectos seus, entre outros, o Insituto Eusebio da Guarda e a Capela de San Andrés en A Coruña, diversos edificios de vivendas en Santiago, Ferrol e Coruña, o Mercado de Padrón ou a fachada para os fogos do Apóstolo na Catedral compostelana), foi recoñecido cunha mención de honra de primeira clase na denominada “*Exposición Regional de Galicia*” que tivo lugar en Santiago de Compostela entre os días 20 e 31 de xullo do ano 1875 organizada pola sociedade “*Amigos del País*”. Este premio adxudicóuselle por “*los planos de la casa-palacio y demás edificios de la posesión del Sr. Marqués de Loureda*”, segundo se relata nunha noticia de *El Diario de Santiago*, do mércores 18 de agosto de 1875-nº 939 (posteriormente reproducida no xornal coruñés *El Telegrama*, do 19 de agosto de 1875). O proxecto desta edificación, en realidade, supón a definitiva apertura para Galicia da influencia estética francesa.

Cumpre indicar que algún autor (J. Luís Alonso Torreiro) sitúa a construción do edificio entre os anos 1882 e 1884, cun proxecto diferente ao premiado en 1875 na “*Exposición Regional de Galicia*”. Sen embargo, o que si resulta certo é que houbo un primeiro proxecto elaborado en 1873 polo propio Faustino Domínguez que foi rechazado polo Marqués de Loureda (tal

vez polo seu alto custe económico), cun edificio de clara influencia estilística italiana

O EDIFICIO PRINCIPAL-PAZO. Trátase dunha construción de planta rectangular (366,28 m²) con eixe maior de algo máis de 23 metros de lonxitude disposto practicamente en sentido leste-oeste e o curto de algo máis de 15 m; formada por planta baixa, dous pisos e un baixo-cuberta (que, ao adoptar a forma dunha gran cuberta “á mansarda” ou amansardada, acaba por acadar o volume dun terceiro andar). O edificio está construído en mampostería enfoscada, reservando a sillería para os esquinais, os recercados dos vans, os elementos decorativos e para o corpo central da fachada meridional. Estamos ante unha arquitectura ecléctica, de estética afrancesada (*estilo segundo imperio francés*), emprazada nunha ampla terraza que a realza respecto das dúas grandes perspectivas existentes, a norte e a sur: a primeira ven definida pola sucesión de prados e a disposición da alameda que a enmarca pola parte leste, e a segunda polo eixe visual que, desde a entrada principal, define a propia estrutura das sendas dos xardíns e, moi especialmente, da vexetación arbórea. Aínda que con certos rasgos propios (como o feito de adiantar lixeiramente un corpo na parte central da fachada principal-sur), a edificación mantén, en xeral, unha tipoloxía e forma similares á dos palacetes parisinos da época.

Fachada sur (principal). Esta fachada segue un esquema monumental potenciado pola presenza na parte central dunha grande escalinata de acceso (foto 1). Está formada por tres rúas, a central claramente destacada, e adiantada, sobre as dúas laterais que son iguais entre si e que, á súa vez, presentan dous corpos separados por unha sinxela imposta de sillería de granito e delimitados nos seus extremos por esquinais, tamén de sillería, con decoración en caixa, interrompida no seu desenvolvemento vertical pola imposta que separa os dous corpos. Cada un destes corpos dispón de dous vans, situados nuns mesmos eixes; na planta inferior corresponden con fiestras e na superior con balcóns carentes de voo. Todos os vans son alintelados, recercados en sillería e con numerosos relevos de elementos ornamentais: ovas, triglifos, acróteras...

Tanto as fiestras da planta baixa como os balcóns do primeiro andar presentan reixerías de forxa, realizadas con pletinas plegadas en formas xeométricas que vagamente lembran formas vexetais moi esquematizadas. O segundo corpo está rematado por unha cornixa de perpiaños quebrada nos eixes definidos polos vans da primeira e segunda planta. Sobre esta cornixa elévase unha gran cuberta mansarda, percorrida por bufardas (ou *lucarnes*) de gran altura, dispostas nos eixes definidos polas fiestras e balcóns das plantas inferiores. Estas bufardas, realizadas en sillería, están iluminadas por fiestras con linteis curvos que lembran o perfil propio dos arcos escarzanos e amosan unha decoración xeométrica. A ventás das bufardas, de gran crecemento vertical, presentan reixerías de formato semellante as descritas anteriormente. A tónica xeral das rúas laterais é o predominio da liña horizontal, que en orixe ven dada polo volume construtivo e reforzado pola propia horizontalidade da

gran mansarda; de feito, a imposta que separa o corpo inferior da segunda planta, que interrompe a decoración en caixa dos esquinais de sillería, non chega a ser contrarrestada pola gran verticalidade das bufardas.

Pola contra, fronte a estes corpos laterais, emerxe, lixeiramente adiantado, o bloque central, que aínda que non supera en altura aos laterais e posúe unha menor anchura, tanto a disposición dos seus vans e elementos decorativos como a elección da sillería como material construtivo (fronte a cachotería enfoscada das rúas laterais) fan salientar máis esta parte media da fachada principal. Está formada por tres corpos, os dous inferiores correspóndense co primeiro e o segundo corpo das rúas laterais e o terceiro ven a coincidir coa mansarda daquelas. O *primeiro corpo* está construído a base de perpiaños con acanaladuras horizontais que lembran aos almofadados; estas acanaladuras veñen compensar a monotonía que, doutro xeito, imperaría neste zona da fachada e que tería resultado excesivamente monótono ao estar unicamente animado pola entrada ao propio edificio. A entrada presenta un lintel curvado que adopta unha forma que recorda ao perfil dun arco escarzano; semella asentarse sobre unhas falsas mochetas, que están integradas no mesmo perpiaño de granito que forma o lintel, eliminando polo tanto calquera funcionalidade estrutural e pasando a ter exclusivamente un carácter ornamental. Sobre o mesmo sobrelume, no eixe da porta, aparece unha roseta flanqueada por formas vexetais. A ambos lados do lintel, outras grandes rosetas orladas con decoración de ovas e guimaldas.

O *segundo corpo* está conformado por un balcón fortemente voado que destaca fronte aos outros balcóns sen voo das rúas laterais, potenciando así este sector central. Este balcón presenta unha reixería semellante ás descritas para o resto do edificio; agora ben, nas esquinas aparecen uns piares de granito que veñen a remarcar as liñas ascendentes desta parte da fachada, anulando en parte a horizontalidade que podería imprimir ao conxunto este elemento estrutural. O acceso á balconada faise por medio de tres portas con arcos dobrados de medio punto, estando os seus salmeres na mesma liña que o lintel dos balcóns das rúas laterais, resultando polo tanto de maior altura istes que aqueles; este feito fai aumentar as liñas ascendentes desta parte da fachada que, de novo, atenuan a horizontalidade que podería ter impreso ao conxunto a meseta do balcón. Estes arcos de medio punto descansan sobre pilastras de fuste liso con capitel de orden composto. Finalmente, unha cornixa remata este segundo corpo, na liña marcada pola existente nas rúas laterais; non obstante, non se produce unha continuidade entre ambas cornixas, xa que a da rúa central atópase interrompida nos seus extremos.

Terceiro corpo: corresponde ao crecemento vertical da rúa central no volume das mansardas das rúas laterais. Neste corpo son combinados tres vans en forma de fiestras que manteñen os eixes definidos polas portas do balcón do segundo corpo. As tres fiestras son alinteladas e con reixerías semellantes aos do resto do edificio, entre elas están dispostas pilastras de orde toscano. Este corpo complétase cunha cornixa, coincidente coa

liña de remate das mansardas das rúas laterais, con rica decoración acrótera e denticulada.

Fachada oeste. Estamos ante unha fachada de dous corpos, construída en cachotería enfoscada, reservando os perpiaños de granito para elementos decorativos, esquinais da edificación e elementos ornamentais (foto 2). Ámbolos dous corpos están separados por unha imposta de sillería, que resulta da continuidade da imposta da fachada sur que, como naquela, interrompe o desenvolvemento vertical de perpiaños do esquinall do edificio, rompendo as liñas verticais e ascendentes que podería ter xerado este; ademais, nesta fachada, dito esquinall perde os elementos ornamentais que presenta na fachada meridional.

O *corpo inferior* presenta tres vans a modo de portas con linteis curvados, definindo unha forma que lembra á dos arcos escarzanos, estando decorados con molduras e rematando en bolas en alto relevo.

O *segundo corpo* presenta igualmente tres balcóns, nos eixes definidos polos da planta baixa, sendo voado o central e os laterais sen voo; as súas reixerías son semellantes ás descritas na fachada sur. Remata este segundo corpo unha cornixa que é continuidade da existente na fachada meridional. Sobre este segundo corpo elévase a cuberta mansarda, na que se dispoñen tres bufardas colocadas nos eixes dos vans dos corpos inferiores.

Fachada leste. Idéntica á fachada oeste, salvo que neste caso temos a presenza dunha gran cheminea que emerge da mansarda ao carón da cornixa que separa esta do corpo superior (foto 3).

Fachada norte. Está conformada por dous corpos de cachotería enfoscada, limitados nos esquinais por bandas verticais de perpiaños e unha imposta que separa os dous corpos, imposta que dalgún xeito interrompe o crecemento vertical das bandas de sillería das esquinas amortecendo a verticalidade que poderían introducir no conxunto. Nela tamén podemos atopar unha referencia á tradición galega pola presenza dunha galería de madeira, corrida, que foi moi empregada no ámbito urbano a partires da segunda metade do século XIX (foto 4).

Corpo inferior: presenta cinco vans, os dos extremos están resoltos a xeito de ventás e os centrais como portas, na que a do medio actúa como entrada ao edificio. Ten unha carpintería de porta con entrepaños que forman casetóns e un montante de carpintería e vidro que ilumina o acceso ao interior. Todos os vans presentan linteis curvos co perfil propio dun arco escarzano, estando moldurados e rematados con altorelevos de bolas.

O *segundo corpo* aparece dominado, na parte central, pola gran galería antes citada e está flanqueado por sendos vans que corresponden aos eixes definidos nas fiestras da planta baixa, cunhas características formais semellantes a aquelas. A galería de madeira ten carpinterías de guillotinas con particións en bastidores cadrados; os antepeitos, ao contrario do habitual, son opacos e están divididos en casetóns decorativos. Está percorrida por unha

cornixa superior que reproduce en madeira a cornixa de sillería que remata o segundo corpo e, pola parte inferior, presenta unha crestería de madeira que lembra á existente na cocheira.

Finalmente, sobre estes dous corpos, érguese a mansarda percorrida por cinco bufardas que coinciden cos eixes dos vans das plantas inferiores. A súa estrutura resulta semellante á da fachada meridional.

Cuberta. Cuberta de forma amansardada, feita con pizarra (característica do denominado *estilo segundo imperio francés*); a catro augas. A estrutura interior que suxeita a cuberta está feita de madeira por medio de cimbras suxeitas por un sistema de vigas e tirantes fixadas ao perímetro da construción. Posúe catro chemineas, dúas delas decoradas ao seren visibles dende a fronte principal do edificio, e as outras dúas na fachada norte e na leste.

Interior. O edificio adopta unha organización interior moi regular, de simetría axial (a través dos diversos corredores), tanto na planta baixa (ámbito de recepción e lecer) como no resto de plantas (ámbitos máis privados e algún de servizo), seguindo os modelos existentes na época derivados do xa mencionado estilo segundo imperio francés. Esta característica vese xa, de inicio, na propia entrada do edificio por medio do vestíbulo de recepción e as escaleiras principais (foto 5). Xunto coa separación en relación á casa dos caseiros encargados do mantemento da finca, hai que engadir pois a segregación no interior con respecto ao servizo doméstico, por medio de escaleiras diferenciadas e habitacións relegadas ás bufardas no último andar (de aí a presenza de sistemas para a chamada a distancia a través dos cuadros con pequenas campás e timbres).

Na *planta baixa* pódese salientar o especial tratamento aplicado aos espazos destinados á relación social, tais como o salón principal ou o comedor que, tanto polo seu gran tamaño (entre 40 e 55 m²) como pola súa ubicación, pasan a ser o núcleo central da construción. Debido a que nesta planta non hai corredores e as habitacións conectan entre si, existe unha potenciación do eixe de comunicación entre o vestíbulo e o salón principal, dispoñendo arredor outros espazos de estar e funcionais subordinados (como o “salón de té”, que presenta unha cheminea decorativa, non funcional – foto 6). Aparece unha liña central de simetría marcada polo vestíbulo (con dúas columnas de estuco enfrontadas que imitan mármore), escaleira principal e porta traseira (fachada norte). Nesta planta baixa tamén está ubicada a cociña, situada no fondo á dereita, xunto a unha escaleira de servizo.

Como se comentaba anteriormente, na *primeira planta*, coa presenza dun único corredor, sitúanse as habitacións familiares e un cuarto para invitados e só unha desas habitacións está decorada con pinturas e molduras (a denominada “sala de piano”). Neste andar tamén se atopa a galería que dá á fachada norte e que no interior non é corrida senón que está dividida en tres espazos separados (en total ocupa unha superficie de case 12 m²).

Á *planta segunda* accédese a través dunha sinxela escaleira de madeira para chegar a un

espazo abufardado (loxicamente, como consecuencia da cuberta amansardada do edificio) que conta cun corredor de acceso ás habitacións. Hai que salientar a existencia, neste segundo andar, da biblioteca e dunha habitación que no seu momento foi a capela privada da casa e que posuía un pequeno retablo de madeira que hoxe está depositado na igrexa parroquial de Santa María de Oleiros; trátase dunha estancia moi decorada, nas súas paredes e teito, con motivos cruciformes, vexetais e estrelas. Finalmente, logo doutro treito de escaleiras similares ás anteriores, súbese á *planta baixo-cuberta* (a xeito de sobrado), espazo diáfano onde está visible a estrutura de madeira que suxeita o tellado.

A decoración interior, bastante intensa, de carácter neobarroco nalgunha das habitacións (como a “do piano”), complétase coa presenza de molduras nos teitos, paredes pintadas e estucadas con diversos motivos decorativos (*candelieri*, vexetais, grecas, etc.) e tonos suaves (ocres, azuis...), pavimentos de pequenas baldosas decoradas con motivos xeométricos e baranda de ferro e madeira para as escaleiras principais (só madeira para as secundarias). Esa gran escaleira principal ten un complexo deseño que fai que, na mesma liña, os dous treitos ascendentes se enfronten a outros dous descendentes que van trazando unha curva a medida que se achegan ao chan.

Con respecto ao mobiliario, que como era habitual na época foi deseñado *ex profeso* para cada un dos espazos da casa, hai que indicar que só se conserva unha pequena parte (algunhas lámpadas de cristal nos teitos, apardores con espello, estanterías que aínda gardan algunha publicación antiga...); trátase de mobles de estilo Luís XV, alonsino e, loxicamente, II Imperio.

XARDÍNS. De inicio hai que indicar que non está claro se foi o propio arquitecto Coumes-Gay quen deseñou este xardín e tampouco a data exacta da súa construción, se ben é moi posible que fora ao mesmo tempo que a casa principal (nunha foto familiar do Marqués de Lousada en 1884 si se pode apreciar que xa estaba rematado). O deseño é moi similar aos realizados polo paisaxista francés Édouard François André, moi de moda na época.

O xardín está situado inmediatamente ao sur do pazo da finca (foto 7), diante da súa fachada principal, e supón a zona de acceso máis distinguida desde o exterior da propiedade. Ocupa unha superficie de aproximadamente 8.000 m², adaptándose ao desnivel natural do terreo a través de dúas escalinatas: unha máis pequena situada xusto diante da entrada central de acceso á finca (extremo sur) e outra máis monumental pola que se accede á plataforma onde está emprazado o pazo (extremo norte). Entre estas escaleiras, situado no mesmo eixe axial que elas, hai un parterre circular cun estanque-fonte no centro. Nos laterais leste e oeste unhas ramplas de acceso para carruaxes delimitan o conxunto.

A tipoloxía deste xardín pódese encadrar dentro dos denominados *xardíns franceses*, que se caracterizan polo seu deseño xeométrico e artificialidade (en contraposición ao *xardín inglés*,

onde en xeral as formas libres se impoñen á simetría). Como sucede no caso deste xardín da Finca Alsina, a perspectiva, a ampla variedade de plantas, unha estrutura onde se combinan simetricamente parterres e camiños, xunto coa presenza do mencionado pequeno estanque central, son outras características que definen ese estilo francés (por outra banda, en armonía coa propia estética arquitectónica do edificio principal). Sen embargo a xeometría deste xardín atópase algo suavizada pola presenza de parterres con formas curvadas e ondulantes; asemade, estes parterres non están delimitados por bordos de pedra senón por setos de baixo porte e, entre eles, camiños sinuosos.

O vaso do estanque e fonte ornamental situado no parterre central é de forma circular (duns 7,50 metros de diámetro) e está construído con perpiaños de granito co remate superior moldurado (foto 8). No centro do estanque, hai un piar de granito (monolítico?) ricamente moldurado, con decoración xeométrica, destacando as ovas como motivo decorativo. Sobre el unha figura de fundición (bronce?) que representa a un personaxe infantil e asexuada, cabalgando sobre un animal (un peixe?), da boca do cal parte un surtidor de auga.

En contraste con este deseño frontal, pola parte de atrás do pazo a finca posúe un xardín moito máis pequeno de parterres máis modestos.

Finalmente, hai que indicar que, recentemente, foi elaborado un catálogo onde se inclúen todas as especies vexetais existentes no xardín.

MURO DE CERRE. A finca posúe unha superficie de 91.238,80 metros cadrados (incluído o seu muro de cerre) e, segundo o se pode comprobar na información rexistral, o terreo está situado “*donde nombran Fortaleza y Buena Vista, en la parroquia de San Pedro de Nós*”. Os seus límites veñen dados pola estrada N-VI ao sur (antiga estrada de Betanzaos), a Rúa Lavandeiras ao leste, a Rúa Xosé Chas García ao oeste e un camiño con fincas de arborado ao norte.

Aínda que de forma irregular, a finca posúe un eixe de maior lonxitude con orientación norte-sur (uns 425 m), sendo máis estreita no sentido leste-oeste (uns 300 m na parte máis ancha por uns 175 m na máis estreita). A pendente natural do terreo vai subindo dende o seu extremo meridional a medida que nos achegamos ao límite norte. Pódese dividir en cinco ámbitos ou espazos, marcados por un camiño arborado, de orientación norte-sur (foto 9), que discorre polo medio do terreo, cruzado por outro camiño máis curto de sentido leste-oeste (foto 10); tal cruzamento produce catro cadrantes: o noroeste, o norleste (ámbolos dous con presenza de árbores variadas), o suroeste (herba) e o sureste (onde se emprazan a casa dos caseiros e demais dependencias relacionadas cos labores de mantemento da propiedade); finalmente, no extremo sur, ubícase o sector de “residencia”: a casa principal e os xardíns, o edificio da cocheira e o invernadoiro (e, lóxicamente, o acceso principal á finca).

Toda a propiedade atópase rodeada e cerrada por un gran muro de cachotería (aproximadamente 1.400 metros lineais), no que están abertas seis entradas ou accesos: tres no sector sur, unha ao leste, outra ao norte e unha máis na parte oeste. A altura do cercado é variable tanto no interior como de cara ao exterior (aproximadamente entre o 1,75 m o os 3 m nas partes máis elevadas) Para a súa descición, a pesares da forma irregular, dividiremos o cerre en catro sectores: sur, leste, norte e oeste.

Muro sur (principal). Trátase do treito que está orientado á N-VI, onde se atopan as entradas principais. Este treito de muro está integrado pola combinación dunha base opaca e unha parte superior a modo de balaustrada (foto 11). A parte opaca está formada por un zócalo enfoscado con morteiro que vai decrecendo en altura en dirección leste ata desaparecer. Sobre el, elévase un muro enfoscado con morteiro de acabado rugoso e pintado en cor vermella-asalmonada, rematado por unha cornixa de granito, moldurada na súa parte frontal. Sobre a estrutura descrita dispónse unha balaustrada de gusto clasicista, formada por unha sucesión de 11 balaustres de morteiro de cemento con armadura metálica que alternan con piares enfoscados de cemento. Sobre a sucesión de piares e balaustres asenta de modo continuado un pasamáns moldurado realizado en morteiro de cemento.

Neste sector meridional, o muro está interrompido por tres entradas: as laterais son semellantes entre si e están habilitadas para o tráfico rodado (fotos 12, 13, 14 e 15); a central, se ben responde a unha estrutura semellante ás laterais, presenta un repertorio decorativo diferente e a presenza dunha pequena escalinata convértea nun acceso exclusivamente peonil (fotos 16 e 17).

Entradas laterais (oeste-A e leste-C): están flanqueadas por machóns resoltos pola superposición de sucesivos corpos, aumentando a riqueza decorativa a medida que ascenden en altura. A base corresponde a un zócalo de altura semellante ao descrito para o resto do peche sur, só que agora está executado con perpiaños de granito e rematado cunha moldura na súa parte superior. Sobre o zócalo aséntase un segundo corpo construído tamén en sillería de granito que agora presenta acanaladuras horizontais que lembran os perpiaños almofadados. O centro deste corpo está ocupado por unha gran roseta e rematado por unha cornixa moldurada que serve de asento o corpo superior. Sobre o corpo anterior dispónse un novo que, nos seus extremos, presenta pilastras con basa, fuste liso e capitel de orde composto, pero moi esquematizados; o espazo central está ocupado por un altorelevo en forma de roseta, asociado a decoración xeométrica que lembra os *candelieri*. Entablamento con friso corrido con decoración de ovas e rematando o conxunto decoración acrótera que combina ovas e rosetas. Xa no interior do recinto, existe un pavimento no ámbito inmediato a estas entradas: na situada na parte oeste, corresponde a un solo de cantos rodados, mentres que o da entrada situada ao leste é unha imitación do anterior, realizada en morteiro de cemento (moderno) no que están embebidos algúns cantos rodados.

O cerre destas entradas soluciónase con portas de dúas follas de ferro que na parte superior,

